Doutra banda, a Lei 7/2022, do 8 de abril, de Residuos e Chans Contaminados para unha Economía Circular (en diante, Lei 7/2022), dispón no artigo 11.3 que: "3. No caso dos custos de xestión dos residuos de competencia local, de acordo con o disposto no texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, as entidades locais establecerán, no prazo de tres anos a contar desde a entrada en vigor desta lei, unha taxa ou, no seu caso, unha prestación patrimonial de carácter público non tributaria, específica, diferenciada e non deficitaria, que permita implantar sistemas de pago por xeración e que reflicta o custo real, directo ou indirecto, das operacións de recollida, transporte e tratamento dos residuos, incluídos a vixilancia destas operacións e o mantemento e vixilancia posterior ao peche das entulleiras, as campañas de concienciación e comunicación, así como os ingresos derivados da aplicación da responsabilidade ampliada do produtor, da venda de materiais e de enerxía".

Así pois, esta normativa esixe establecer unhas taxas específicas, diferenciadas e non deficitarias, que permitan implantar sistemas de pago por xeración, é dicir, mecanismos mediante os cales os suxeitos pasivos contribúen en función dos residuos que realmente xeran, o que incentiva a súa redución e correcta separación.

Resulta de interese, para os efectos de establecer a taxa, reproducir os seguintes conceptos básicos definidos no artigo 2 da Lei 7/2022:

- Residuo: calquera substancia ou obxecto que o posuidor rexeite ou teña a intención ou a obrigaón de rexeitar.
 - Residuos comerciais: residuos xerados pola actividade propia do comercio, por xunto e polo miúdo, dos servizos de restauración e bares, das oficinas e dos mercados, así como do resto do sector servizos.
 - Residuos de competencia local: residuos xestionados polas entidades locais, de acordo con aquilo establecido no artigo 12.5.
 - Residuos domésticos: residuos perigosos ou non perigosos xerados nos fogares como consecuencia das actividades domésticas. Considéranse tamén residuos domésticos os similares en composición e cantidade aos anteriores xerados en servizos e industrias, que non se xeren como consecuencia da actividade propia do servizo ou industria.
- Inclúense tamén nesta categoría os residuos que se xeran nos fogares, entre outros, aceites de cociña usados, aparellos eléctricos e electrónicos, téxtil, pilas, acumuladores, mobles, afeños e colchóns, así como os residuos e entullos procedentes de obras menores de construción e reparación domiciliaria.
- Xestión de residuos: a recollida, o transporte, a valorización e a eliminación dos residuos, incluída a clasificación e outras operacións previas; así como a vixilancia destas operacións e o mantemento posterior ao peche das entulleiras. Inclúense tamén as actuacións realizadas en calidade de negociante ou axente.
 - Xestor de residuos: a persoa física ou xurídica, pública ou privada, rexistrada mediante autorización ou comunicación, que faga calquera das operacións que compoñen a xestión dos residuos, sexa ou non o produtor dos mesmos.
 - Recollida: operación consistente na acumulación, a clasificación e o almacenamento iniciais de residuos, de maneira profesional, a fin de transportalos posteriormente a unha instalación de tratamento.
 - Transporte de residuos: operación de xestión consistente no movemento de residuos de forma profesional por encargo de terceiros, levada a cabo por empresas no marco da súa actividade profesional, sexa ou non a súa actividade principal.
 - Tratamento: as operacións de valorización ou eliminación, incluída a preparación anterior na valorización ou eliminación.
 - Valorización: calquera operación cuxo resultado principal da cal sexa que o residuo sirva a unha finalidade útil ao substituír outros materiais, que pola contra se utilizaron para cumprir unha función particular ou que o residuo sexa preparado para cumprir esta función na instalación ou na economía en xeral.
 - Eliminación: calquera operación que non sexa a valorización, mesmo cando a

operación teña como consecuencia secundaria o aproveitamento de substancias ou materiais, sempre que non superen o 50% en peso do residuo tratado, ou o aproveitamento de enerxía.

Dacordo co principio recollido na Lei 7/2022, de 8 de abril, de residuos e chans contaminados para unha economía circular, de “quen contamina paga”, procédese á implementación dunha Taxa, que se calculará distribuíndo as toneladas de residuos xeradas durante o exercicio anterior no municipio, en función do número de beneficiarios do servizo. Este cálculo permitirá diferenciar entre os importes destinados a cubrir o custo de SOGAMA e aqueles asociados á recollida de residuos e ao punto limpo.

É importante sinalar que asumir o custo total do servizo por parte dos cidadáns neste momento podería xerar unha presión fiscal significativa. Por iso, propónse un enfoque gradual, onde a nova tarifa só aumentaría un 30% en comparación coa tarifa actual.

Este incremento xustifícase por dúas razóns principais: en primer lugar, o aumento dos custos de SOGAMA, a entidade encargada da xestión de residuos, sendo este gasto o que se trasladará totalmente aos cidadáns, xa que é unha carga que debe asumir o Concello sen posibilidade de redución por a nosa parte. En segundo lugar, as melloras implementadas no Concello, que inclúen melloras na recolección de residuos e no punto limpo. Este enfoque busca equilibrar a necesidade de cubrir os custos crecentes sen xerar unha presión fiscal excesiva na poboación.

A partir deste axuste inicial, proxéctase unha revisión anual da tarifa co fin de lograr a cobertura total dos custos do servizo. Para alcanzar un equilibrio no custo do servizo, que se estima lograrase nun prazo aproximado de 20 anos, propónse unha implementación gradual e moderada de incrementos tarifarios. Estes aumentos serán pequenos, un 5% da Tarifa, o que suporá un incremento dun 1€, co obxectivo de minimizar o impacto nos usuarios. Anticípase que, ao final deste período, o incremento acumulado alcanzará o 100% do custo total do servizo. Visto o Informe técnico-económico.

Vista a proposta de resolución PR/2025/960 de 14 de febreiro de 2025./ Vista la propuesta de resolución PR/2025/960 de 14 de febrero de 2025.

Resolución:

Sometido o asunto a votación apróbase por maioría, con nove votos a favor dos concelleiros/as do Grupo Municipal Socialista e sete abstencións dos concelleiros/as do Grupo Municipal do Partido Popular, dos concelleiros do Grupo Municipal do BNG e do concelleiro do Grupo municipal Esperta Monforte-Grupo Mixto.

PRIMEIRO.- Aprobar provisionalmente a ORDENANZA FISCAL 2.3 REGULADORA DA TAXAS POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE XESTIÓN DE RESIDUOS MUNICIPAIS. Quedando redactado como se indica no Anexo adxunto.

SEGUNDO.- Expoñer ao público os acordos precedentes, mediante edicto, que se fixará na táboa de anuncios do Concello e se publicará no Boletín Oficial da Provincia e nun diario dos de maior difusión na provincia. Durante o prazo de trinta días hábiles, a contar desde o día seguinte da publicación do correspondente edicto no BOP, os interesados poderán examinar o expediente, e presentar as oportunas reclamacións. No caso de non presentarse reclamacións, o acordo provisional considerase elevado a definitivo. No suposto que se presentasen reclamacións, procederase á súa resolución e á adopción dos correspondentes acordos de aprobación definitiva.

TERCEIRO.- Os acordos definitivos ou os provisionais elevados a definitivos e o texto íntegro das modificacións acordadas, publicaranse no Boletín Oficial da Provincia, e entrarán en vigor o día seguinte da súa publicación e serán vixentes mentres non se acorde a súa modificación ou derogación.

Documentos anexos:

- Anexo 1. ORDENANZA FISCAL 2.3 REGULADORA DA TAXAS POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE XESTIÓN DE RESIDUOS MUNICIPAIS
- Anexo 2. DECLARACION CENSAL TAXA RECOLLIDA LIXO

MOCION DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR INSTAR AO GOBERNO MAIOR INCLUSIVIDADE NOS RECURSOS HUMANOS DO CONCELLO

Favorable	Tipo de votación:	Unanimidade/Asentimento/ Unanimidad /Asentimiento
------------------	--------------------------	---

Resolución:

Sometido o asunto a votación rexéitase por maioría con nove votos en contra dos concelleiros/as do Grupo Municipal do Partido Socialista e sete votos a favor dos concelleiros/as do Grupo Municipal Popular, dos concelleiros do Grupo Municipal do BNG e do concelleiro de Esperta Monforte-Grupo Mixto.

Transcríbese a proposta da moción:

O Concello de Monforte adquire o compromiso de ser mais inclusivo ofertando máis prazas para as persoas con discapacidade nas vindeiras Ofertas Publicas de emprego, xa sexan de maneira conxunta con outras ou de xeito independente tal e como permite a lei.

MOCION DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR PARA QUE CUMPA A LEI DE BENESTAR ANIMAL CREANDO UN CENTRO PÚBLICO

DE ATENCIÓN ANIMAL E ESPAZOS ABERTOS PARA USO DE MASCOTAS.

Favorable	Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento/ Unanimidad /Asentimiento
------------------	--

Resolución:

Sometido o asunto a votación rexéitase por maioría con nove votos en contra dos concelleiros/as do Grupo Municipal do Partido Socialista e sete votos a favor dos concelleiros/as do Grupo Municipal Popular, dos concelleiros do Grupo Municipal do BNG e do concelleiro de Esperta Monforte-Grupo Mixto.

Transcríbese a proposta da moción:

-Que se cree un centro público de atención animal no noso concello dispoñible durante 24 horas día e procédase a habilitar unha partida orzamentaria para este fin.

- Que se designen zonas de esparcemento canino en terreos municipais. Nestes momentos xa se están utilizando zonas verdes dos nosos parques, polo que se solicita a creación de areas específicas para este fin co obxectivo de proporcionar espazos adecuados para o exercicio e socialización das mascotas.

MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG PARA A CREACIÓN DUNHA ORDENANZA QUE REGULE A COMUNICACIÓN INSTITUCIONAL E GARANTA A IGUALDADE DE CONDICIÓNS ENTRE OS PARTIDOS POLÍTICOS

Favorable	Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento/ Unanimidad /Asentimiento
------------------	--

Resolución:

Sometido o asunto a votación rexéitase por maioría con nove votos en contra dos concelleiros/as do Grupo Municipal do Partido Socialista e sete votos a favor dos concelleiros/as do Grupo Municipal Popular, dos concelleiros do Grupo Municipal do BNG e do concelleiro de Esperta Monforte-Grupo Mixto.

Transcríbese a proposta da moción:

1. Que o goberno municipal redacte unha ordenanza que regule a comunicación institucional do Concello.
2. A creación dun Espazo de Comunicación na Casa do Concello.
3. Regulación do uso de espazos públicos para actividades de comunicación.
4. Creación dunha Comisión de Seguimento e Control
5. Redacción dun Código Ético de Comunicación.

MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG PARA SOLICITAR Á XUNTA DE GALIZA A APROBACIÓN POR LEI E A POSTA EN MARCHA DUNHA VALEDORÍA DE IGUALDADE.

Favorable	Tipo de votación:	Unanimidade/Asentimento/ Unanimidad
		/Asentimiento

Resolución:

Sometido o asunto a votación apróbase por maioría con doce votos a favor dos concelleiros/as do Grupo Municipal Socialista, dos concelleiros do Grupo Municipal do BNG e do concelleiro de Esperta Monforte-Grupo Mixto e catro votos en contra dos concelleiros/as do Grupo Municipal Popular.

Transcríbese a proposta da moción:

1. A Corporación municipal do Concello de Monforte de Lemos reafirma o seu compromiso coa loita feminista e o apoio ás mobilizacións e reivindicacións do feminismo galego de base.
2. A Corporación municipal do Concello de Monforte de Lemos demanda da Xunta de Galicia o impulso dun proceso con ampla participación social e institucional para a aprobación por lei antes do remate do ano 2025 dunha Valedoría de Igualdade, autoridade independente de defensa cidadá que asesore e asista diante de posíbeis situacións de discriminación, directa ou indirecta, por razón de xénero, que se produzan no sector privado así como promover vías de negociación e recomendacións que poñan fin a situacións de discriminación, con funcións de investigación, asesoramento, mediación e elaboración de propostas de sanción para a promoción da garantía do cumprimento do principio de igualdade.

MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL ESPERTA MONFORTE-GRUPO MIXTO SOBRE O MAL FUNCIONAMENTO DO MAMÓGRAFO DO HOSPITAL

Favorable	Tipo de votación:	Unanimidade/Asentimento/ Unanimidad
		/Asentimiento

Resolución:

Sometido o asunto a votación apróbase por maioría con doce votos a favor dos concelleiros/as do Grupo Municipal Socialista, dos concelleiros do Grupo Municipal do BNG e do concelleiro de Esperta Monforte-Grupo Mixto e catro abstencións dos concelleiros/as do Grupo Municipal Popular.

Transcríbese a proposta da moción:

1. Esixir á Consellería de Sanidade da Xunta de Galicia que, con carácter urgente, proceda a reparación integral do mamógrafo do Hospital de Monforte ou, no seu defecto, á adquisición e instalación dun novo equipo que permita restablecer o servizo coas máximas garantías.
2. Solicitar á Consellería de Sanidade que o servizo de mamografías volva realizarse en Monforte coa maior brevidade posible, evitando o desprazamento

das pacientes a Lugo.

3. Reclamar á Consellería de Sanidade que elabore un rexistro de todas as pacientes que se someteron a mamografías no Hospital de Monforte desde o inicio da avaría e que se lles oferte a posibilidade de poder ser citadas novamente para repetir as probas en condicións óptimas, garantindo o seu dereito a un diagnóstico preciso.

4. Instar ao Concello de Monforte de Lemos a dar traslado desta moción a: Consellería de Sanidade da Xunta de Galicia.

Xerencia da Area Sanitaria de Lugo, A Mariña e Monforte.

Dirección do Hospital Público de Monforte de Lemos.

Asociación Española Contra o Cancro (AECC)

Medios de comunicación locais e provinciais

**MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL ESPERTA MONFORTE-GRUPO MIXTO
INCREMENTO SUBVENCIÓN NOMINATIVA CENTRO COMERCIAL
URBANO.**

Favorable	Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento/ Unanimidad /Asentimiento
------------------	--

Resolución:

Sometido o asunto a votación rexéitase por maioría con once votos en contra dos concelleiros/as do Grupo Municipal Socialista e dos concelleiros do Grupo Municipal do BNG e cinco votos a favor dos concelleiros/as do Grupo Municipal Popular e do concelleiro de Esperta Monforte-Grupo Mixto.

Transcríbese a proposta da moción:

Que o Concello de Monforte de Lemos incremente a cuantía da subvención nominativa entregada anualmente o Centro Comercial Urbano en 12.000,00 €

B) ACTIVIDADE DE CONTROL

**DACIÓN DE CONTA DE RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA (ART. 42.1 DO ROF).
Datos das resolucións das que se da conta ao Pleno do
22.01.2025 ao 18.02.2025**

O Sr. Alcalde, cumprindo co disposto polo artigo 42 do ROF, da conta de Resolucións adoptadas no período comprendido entre o 22.01.2025 ao 18.02.2025.

**INFORMACIÓN ESPECÍFICA DE RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA QUE
LEVANTAN REPARO DE INTERVENCION(30.01.2025, 04.02.2025 E
05.02.2025)**

A efectos de cumprir co disposto polo artigo 218 da Lei Reguladora das Facendas Locais, segundo redacción dada polo artigo Segundo.Tres da Lei 27 /2013, de 27 de decembro, dáse conta especificamente das Resolucións que foron adoptadas con reparo e dos informes de Intervención que os recollen.

DACIÓN DE CONTA EXECUCIÓN TRIMESTRAL, 4º TRIMESTRE 2024.

O Pleno queda informado da documentación remitida polo Concello ao Ministerio de Facenda, a través da Oficina Virtual para a Coordinación financeira coas Entidades Locais, a efectos de cumprimentar os datos correspondentes a este Concello do 4º trimestre de 2024, dos previstos sobre execucións trimestrais das Entidades Locais.

DACIÓN DE CONTA PERIODO MEDIO DE PAGO E MOROSIDADE, 4º TRIMESTRE 2024.

Dáse conta do informe de Intervención sobre o periodo medio de pago (PMP) do 3º trimestre de 2024, segundo ven definido polo Real Decreto 635/2014. O PMP Global resultante do Concello de Monforte de Lemos (en días) é de 7,91 € e a efectos de cumprir co disposto no artigo cuarto da Lei 15/2010, preséntanse no Pleno os seguintes informes, tanto do Concello como do Instituto Municipal de Drogodependencias.

C) ROGOS E PREGUNTAS

Non hai asuntos/ No hay asuntos

**DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE/ DOCUMENTO FIRMADO
ELECTRÓNICAMENTE**

ÍNDICE DE ANEXOS ACTA PLN/2025/2

A) PARTE RESOLUTIVA

1. Expediente 1624/2025. Imposición e Ordenación de Tributos.
MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL 2.3 REGULADORA DA TAXA POLA
PRESTACIÓN DO SERVZO DE XESTIÓN DE RESIDUOS MUNICIPAIS,
EXERCICIO 2025
 - Anexo 1. ORDENANZA FISCAL 2.3 REGULADORA DA TAXAS POLA
PRESTACIÓN DO SERVIZO DE XESTIÓN DE RESIDUOS MUNICIPAIS
 - Anexo 2. DECLARACION CENSAL TAXA RECOLLIDA LIXO



ORDENANZA FISCAL 2.3 REGULADORA DA TAXAS POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE XESTIÓN DE RESIDUOS MUNICIPAIS

Artigo 1.- Fundamento e natureza.

Ao amparo do previsto nos artigos 57 e 20.4.s) do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo (TRLRHL), de conformidade co disposto nos artigos 15 a 19 deste texto legal e a Lei 7/2022, do 8 de abril, de residuos e chans contaminados para unha economía circular, o Concello establece as taxas polos servizos de recollida, transporte e tratamento dos residuos municipais, que se rexerán por medio de Ordenanza.

Con esta regulación dáse cumprimento á esixencia legal de tender a establecer unhas taxas específicas, diferenciadas e non deficitarias.

Artigo 2.- Feito imponible.

1. Constitúe o feito imponible da taxa o servizo de recepción obrigatoria de recollida, transporte, valorización e eliminación de residuos domésticos, así como do resto de actuacións que engloban o concepto de xestión de residuos establecido no artigo 2.n) da Lei 7/2022.

2. Este servizo resulta de recepción obrigatoria.

3. Considéranse residuos domésticos:

- a) Os residuos perigosos ou non perigosos xerados nos fogares como consecuencia das actividades domésticas.
- b) Os xerados en servizos e industrias, de composición e cantidades similares aos definidos como domésticos, que non se xeraron como consecuencia da actividade propia do servizo ou industria.
- c) Os restos vexetais e sucidade na vía pública xerados en solares sen edificar: parcelas en chan urbano non consolidado ou parcelas en chan urbanizable con Plan Parcial aprobado.

En concreto, inclúense nesta categoría todos aqueles residuos definidos como domésticos no artigo 2 da Lei 7/2022, excepto os procedentes da limpeza da vía pública, de acordo con o previsto no artigo 21.1.e) do TRLRHL.

Artigo 3.- Suxeitos pasivos.

1. Son suxeitos pasivos contribuíntes as persoas físicas ou xurídicas e as entidades a que se refire o artigo 35.4 da Lei Xeral Tributaria, que ocupen ou utilicen as vivendas, ou os locais, ou os solares situados en prazas, rúas ou vías públicas onde se presta o servizo a que se refire o artigo anterior, ben sexa a título de propietario ou de usufrutuario, de arrendatario, mesmo, a precario.

2. Terán a consideración de suxeitos pasivos substitutos do contribuínte os propietarios das vivendas, locais ou solares, quen poderá repercutir, no seu caso, as cotas satisfeitas sobre os respectivos usuarios que se benefician do servizo, tal e como dispón o artigo 23.2 do TRLRHL.

Artigo 4.- Responsables e sucesores.

1. Son responsables tributarios as persoas físicas e xurídicas determinadas como tales na Lei Xeral Tributaria e na Ordenanza Xeral.

2. A derivación de responsabilidade requirirá que, previa audiencia do interesado, dítese acto administrativo, nos termos previstos na Lei Xeral Tributaria.

3. As obrigacións tributarias pendentes esixíranse aos sucesores das persoas físicas, xurídicas e entidades sen personalidade, nos termos previstos na Lei Xeral Tributaria.

Artigo 5.- Cota tributaria.



1. A cota tributaria consistirá nunha cantidade variable que se modificará anualmente atendendo ao número de toneladas xeradas no exercicio anterior, distribuídas bimensualmente en dous conceptos SOGAMA e coste do Lixo, que se esixirá por unidade de inmovible, en función da súa natureza, de acordo con as seguintes tarifas:

DESCRICIÓN	VARIABLE SOGAMA		VARIABLE LIXO E PUNTO LIMPIO		TOTAL RECIBO
	TM (bimestre)	€/ bimestre	TM (bimestre)	€/ bimestre	€/ bimestre
	1.116,67	recibo	1.116,67	recibo	
Vivendas					
Zona Urbana	885,41	10,11 €	885,41	8,94 €	19,05 €
Zona Rural	149,20	5,07 €	149,20	4,48 €	9,54 €
Actividades					
Locais sen actividade	17,99	10,11 €	17,99	8,94 €	19,05 €
Servizos de restaurantes, cafeterías e bares e establecementos similares. No seu caso, equivalencia no IAE Grupos 671, 672, 673, 674,675, 676, 677					
Ata 20 m2	0,17	23,60 €	0,17	20,86 €	44,46 €
De 21 m2 a 100 m2	3,32	35,42 €	3,32	31,31 €	66,73 €
De 101 m2 a 200 m2	3,07	47,22 €	3,07	41,74 €	88,96 €
De 201 m2 a 400 m2	0,66	70,81 €	0,66	62,59 €	133,41 €
De 401 m2 a 1000 m2	0,33	106,22 €	0,33	93,89 €	200,11 €
Máis de 1000 m2 (por cada 1000 m2 ou fracción de exceso)			0,00	111,15 €	111,15
Salas de festa, salas de xogo e establecementos similares. No seu caso, equivalencia no IAE Grupos 965, 969					
Ata 100 m2	0,08	36,42 €	0,08	32,19 €	68,61 €
De 101 m2 a 200 m2	0,08	52,22 €	0,08	46,15 €	98,37 €
De 201 m2 a 400 m2			0,00	163,96 €	163,956
De 401 m2 a 1000 m2			0,00	229,54 €	229,541
Máis de 1000 m2 (por cada 1000 m2 ou fracción de exceso)			0,00	131,157	131,157
Establecementos alimentación, supermercados, hipermercados e similares. No seu caso, equivalencia no IAE Grupos 641, 642, 643, 644,645,647, 661, 662					
Ata 20 m2	0,75	28,32 €	0,75	25,03 €	53,35 €
De 21 m2 a 100 m2	1,82	42,49 €	1,82	37,55 €	80,04 €
De 101 m2 a 200 m2	0,50	56,66 €	0,50	50,08 €	106,74 €
De 201 m2 a 400 m2	0,58	84,98 €	0,58	75,11 €	160,10 €
De 401 m2 a 1000 m2	0,50	127,48 €	0,50	112,67 €	240,15 €
Máis de 1000 m2 (por cada 1000 m2 ou fracción de exceso)	0,25	198,29 €	0,25	175,26 €	373,56 €
Máis de 1000 m2 (por cada 1000 m2 ou fracción de exceso)	0,08	410,74 €	0,08	363,04 €	773,77 €



Hoteis, Moteis, Hostais, Fondas, Residencias, Pensión, Casas de Hóspedes, Aloxamentos Turísticos. Hospitais e establecementos similares. Hospitais e establecementos similares. No seu caso, equivalencia no IAE Agrupación 68, Grupos 935, 941, 951. Sen servizo de restaurante, bar ou cafetería					
Ata 100 m2			0,00	27,87 €	27,872
De 101 m2 a 200 m2	0,17	22,19 €	0,17	19,61 €	41,80 €
De 201 m2 a 400 m2	0,33	36,99 €	0,33	32,70 €	69,69 €
De 401 m2 a 1000 m2	0,17	51,78 €	0,17	45,76 €	97,54 €
Máis de 1000 m2 (por cada 1000 m2 ou fracción de exceso)	0,17	81,36 €	0,17	71,91 €	153,27 €
Máis de 1000 m2 (por cada 1000 m2 ou fracción de exceso)	0,08	110,94 €	0,08	98,06 €	209,00 €
Con servizo de restaurante, bar ou cafetería					
Ata 100 m2			0,00	30,67 €	30,667
De 101 m2 a 200 m2			0,00	42,02 €	42,016
De 201 m2 a 400 m2	0,08	37,16 €	0,08	32,84 €	70,01 €
De 401 m2 a 1000 m2	0,17	52,02 €	0,17	45,98 €	98,01 €
Máis de 1000 m2 (por cada 1000 m2 ou fracción de exceso)	0,08	107,44 €	0,08	94,96 €	202,40 €
Máis de 1000 m2 (por cada 1000 m2 ou fracción de exceso)	0,17	245,97 €	0,17	217,40 €	463,37 €
Máis de 1000 m2 (por cada 1000 m2 ou fracción de exceso)	0,08	523,03 €	0,08	462,29 €	985,32 €
Comercio ao maior de comidas ou bebidas, almacéns de materiais de construción, transportes, industrias, fábricas, talleres e establecementos similares. No seu caso, equivalencia no IAE - Divisións, 1, 2, 3, 4, 5 - Grupos 611, 612, Epígrafe 6174 - Grupos 691, 692, 699 Grupos 711, 712, 721, 722, 729, 751, 754, 756, 757 - Epígrafe 8436					
Ata 20 m2	0,17	19,73 €	0,17	17,44 €	37,17 €
De 21 m2 a 100 m2	2,40	29,58 €	2,40	26,15 €	55,73 €
De 101 m2 a 200 m2	2,98	39,44 €	2,98	34,86 €	74,31 €
De 201 m2 a 400 m2	2,16	59,19 €	2,16	52,31 €	111,50 €
De 401 m2 a 1000 m2	1,57	88,77 €	1,57	78,46 €	167,23 €
Máis de 1000 m2 (por cada 1000 m2 ou fracción de exceso)	0,58	138,10 €	0,58	122,06 €	260,16 €
Máis de 1000 m2 (por cada 1000 m2 ou fracción de exceso)	0,08	236,75 €	0,08	209,26 €	446,00 €
Resto de establecementos comerciais e de servizos, oficinas, edificios públicos, de ensino, asociacións, entidades bancarias e financeiras e establecementos similares. No seu caso, equivalencia no IAE - Grupos 613, 614, 615,616, - Epígrafes 6171,6172,6173,6175,6176,6177,6178,6179. Grupos 618, 619, 621,622, 623,631, 646, 651, 652, 653, 654, 655, 656, 657,659, 663, 664, 665 - Grupo 755 - Agrupación 76. División 8 agás 8436 - Grupos 911, 912, 913, 921, 922, 931, 932, 933, 936, 942,943, 944, 945, 952, 961,962,963, 964, 966, 967, 968, 971, 972,973,974,975,979, 981,982, 983, 989,991,999					
Ata 20 m2	1,08	14,08 €	1,08	12,44 €	26,52 €
De 21 m2 a 100 m2	16,16	21,11 €	16,16	18,66 €	39,77 €



De 101 m2 a 200 m2	8,29	28,15 €	8,29	24,89 €	53,04 €
De 201 m2 a 400 m2	4,56	42,24 €	4,56	37,33 €	79,57 €
De 401 m2 a 1000 m2	2,98	63,36 €	2,98	56,00 €	119,35 €
Máis de 1000 m2 (por cada 1000 m2 ou fracción de exceso)	1,08	98,55 €	1,08	87,10 €	185,65 €
Máis de 1000 m2 (por cada 1000 m2 ou fracción de exceso)	0,25	133,74 €	0,25	118,21 €	251,95 €
Máis de 1000 m2 (por cada 1000 m2 ou fracción de exceso)	0,41	168,94 €	0,41	149,32 €	318,25 €
Outras actividades non tarifadas expresamente					
Ata 20 m2	0,08	14,08 €	0,08	12,44 €	26,52 €
De 21 m2 a 100 m2			0,00	39,77 €	39,767
De 101 m2 a 200 m2	0,25	28,15 €	0,25	24,89 €	53,04 €
De 201 m2 a 400 m2			0,00	79,57 €	79,573
De 401 m2 a 1000 m2	0,08	63,36 €	0,08	56,00 €	119,35 €
Máis de 1000 m2 (por cada 1000 m2 ou fracción de exceso)			0,00	66,30 €	66,3
Profesionais e artistas					
Sección 2ª e 3ª					
Profesionais e artistas	5,22	12,66 €	5,22	11,19 €	23,86 €

Cando distintas propiedades rexistras e/ou catastrais únanse fisicamente para destinalas a un único inmovible ou destino, tributarán como un só inmovible.

Cando unha soa propiedade rexistral e/ou catastral estea dividida fisicamente en varias unidades, tributarase independentemente por cada inmovible diferenciado.

Artigo 6.- Pagamento e período impositivo

1. A taxa devíndase e nace a obrigaón de contribuír desde o momento en que se inicie a realización do servizo, e entenderase iniciado, dada a súa natureza de recepción obrigatoria, cando o servizo municipal de xestión de residuos domésticos nas rúas ou lugares onde figuren as vivendas utilizadas polos contribuíntes ou os locais/solares suxeitos á taxa aquí regulada estea establecido e en funcionamento.

2. O período impositivo coincidirá co bimestre natural, e a el referiranse as cotas sinaladas nas tarifas do artigo 5 desta ordenanza..

No bimestre no que se produza unha alta esixírase a cota que corresponda dende o primeiro día do bimestre correspondente ata o último día do bimestre, ambos inclusive.

No bimestre no que se produza a baixa esixírase a cota que corresponda dende o primeiro día do bimestre ata o último día do bimestre, ambos inclusive.

O Concello poderá optar polo cobro anual dos recibos correspondentes aos inmoibles que non estean suxeitos á taxa de abastecemento e/ou sumidoiros e depuración de augas residuais.



Artigo 7.- Réxime de declaración e ingreso.

1. Levarase a cabo a aprobación dun padrón, cuxo prazo de exposición pública será de 20 días naturais, contados a partir de 10 días antes do primeiro día de inicio do período de cobranza en voluntaria de cada parte da cota.

Contra a exposición pública do padrón e das liquidacións incluídas neste poderase interpoñer recurso de reposición ante o órgano que as aprobara, previo ao contencioso administrativo, no prazo dun mes a contar desde o día seguinte á finalización do período de exposición pública dos correspondentes padróns.

2. Cando se coñeza, de oficio ou por comunicación dos interesados, calquera variación dos datos que figuran na matrícula, efectuaranse as modificacións correspondentes, que terán efecto a partir do período de cobranza seguinte ao da data en que se produciu a variación.

As modificacións producidas no censo de obrigados tributarios respecto dos suxeitos pasivos do Imposto sobre Actividades Económicas exentos ou na Matrícula do imposto respecto dos non exentos, con efectos na taxa de recollida e tratamento e eliminación de lixo, darán lugar á correspondente modificación no censo do lixo do bimestre seguinte no que se produce a modificación.

A estes efectos os suxeitos pasivos deberán presentar no Concello as correspondentes declaracións de alta, modificación e baixa no IAE.

As modificacións producidas no censo do Imposto sobre Bens Inmóveis de Natureza Urbana con efectos na taxa de recollida e tratamento e eliminación de lixo, darán lugar á correspondente modificación no censo do lixo no bimestre seguinte da data dos efectos da alteración no IBI.

Artigo 8.- Infraccións e sancións.

Polo que respecta ás infraccións e sancións tributarias que, en relación coas taxas reguladas nesta Ordenanza, resulten procedentes, aplicarase o disposto na Lei Xeral Tributaria e na Ordenanza Xeral.

Disposición Adicional Primeira. - Modificación dos preceptos da ordenanza e das referencias que fai á normativa vixente, con motivo da promulgación de normas posteriores.

Os preceptos desta Ordenanza fiscal que, por razóns sistemáticas reproduzan aspectos da lexislación vixente e demais normas de desenvolvemento, e aqueles en que se fagan remisións a preceptos da mesma, entenderase que son automaticamente modificados e/o substituídos, no momento en que se produza a modificación dos preceptos legais e regulamentarios de que levan causa.

Disposición Adicional Primeira. – Actualización da Ordenanza.

A presente Ordenanza se actualizará anualmente atendendo as Toneladas xeradas no exercicio anterior, ao IPC que corresponda e se incrementará un 5% a cada Tarifa, ata o momento en que se cubra o coste do servizo

Disposición final.

A derogación da Ordenanza fiscal reguladora da Taxa pola recollida, tratamento e eliminación de lixo.

A presente Ordenanza fiscal, entrará en vigor ao día seguinte ao de publicación no Boletín Oficial de e rexeirá ata a súa modificación ou derogación expresa.

P á x i n a 1 | 2

DESTINO DO INMUEBLE					
☐ Vivenda urbana ☐ Vivenda rural ☐ Local afecto a actividade	Vivenda				
	☐ Copia escritura propiedade ou título de propiedade.				
	Local afecto a actividade				
	<table border="1"> <tr> <td>Epígrafe da actividade</td> <td></td> </tr> <tr> <td>Superficie do local</td> <td></td> </tr> </table>	Epígrafe da actividade		Superficie do local	
	Epígrafe da actividade				
Superficie do local					

DECLARA baixo a súa responsabilidade cos datos sinalados son certos.

Mediante a firma desta orde de domiciliación, o debedor AUTORIZA ao Concello de Monforte de Lemos a enviar os adeudos correspondentes aos tributos indicados polo titular do recibo. Como parte dos seus dereitos, o debedor está lexitimado a efectuar a devolución pola súa entidade nos termos e condicións do contrato subscrito coa mesma. A solicitude de devolución deberá efectuarse dentro das oito semanas que seguen á data do debo en conta. Pode obter información adicional dos seus dereitos na súa entidade financeira.

Consentimento e Deber de Informar aos Interesados sobre Protección de Datos

☐ **Fun informado de que esta Entidade vai tratar e gardar os datos achegados na instancia e na documentación que a acompaña para a realización de actuacións administrativas**

Información básica sobre protección de datos

Responsable	Concello de Monforte de Lemos
Finalidade	Tramitar procedementos e actuacións administrativas.
Lexitimación	Cumprimento dunha misión realizada en interese público ou no exercicio de poderes públicos outorgados a esta Entidade.
Destinatarios	Cederanse datos, no seu caso, a outras Administracións Públicas e aos Encargados do Tratamento dos Datos. Non hai previsión de transferencias a terceiros países.
Dereitos	Acceder, rectificar e suprimir os datos, así como outros dereitos, tal e como se explica na información adicional.
Información Adicional	Pode consultar a información adicional e detallada sobre Protección de Datos na seguinte dirección https://monfortedeleemos.sedelectronica.es/privacy

Firma

☐ **PRESTA O SEU CONSENTIMENTO** para que a entidade realice consultas dos datos do solicitante/representante a través da Plataforma de Intermediación de Datos e outros servizos interoperables

Firma